



Concello de Arbo

BASES DO II CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA “ARBO NO NADAL”

1.-OBXECTO.

Por segundo ano consecutivo, o Concello de Arbo, a través da iniciativa de participación cidadá, presenta o II Concurso de Decoración Navideña “Arbo no Nadal”, dirixido ás Asociacións, colectivos e particulares do municipio, cos seguintes fins:

- Dinamizar a participación activa dos/as cidadáns/as de Arbo.
- Colaborar en infundir un ambiente do Nadal decorativo baseado en valores como o traballo en común, a fraternidade ou a cooperación.
- Contribuír ao e dispoñer de elementos decorativos que acheguen á localidade unha contorna de Nadal acolledor e ilusionante.
- Dar protagonismo activo aos/as cidadáns/as e colectivos como fonte de desenvolvemento e intervención comunitarios na localidade.
- Fomentar aqueles valores locais que queden expostos nos distintos elementos decorativos do Nadal.
- Apoiar ao comercio local

2.- PARTICIPANTES.

Establécense dúas categorías:

a) Familiar: Poderán participar neste concurso, todas aquelas persoas que realicen a súa montaxe no seu balcón, xanela, porta, fachada de casa ou xardín exterior.





Concello de Arbo

b) Colectiva: Poderán participar os comercios, asociacións, colectivos ou empresas privadas situadas en Arbo e que realicen a súa montaxe dentro do propio termo municipal: comunidade de veciños, barrio, rúa ou praza.

Os/as participantes ceden o dereito de imaxe da súa decoración ao Concello de Arbo

3. PROXECTOS DE DECORACIÓN.

Os espazos poderán ser segundo categoría:

a) Familiar: balcón, xanela, porta, fachada de casa ou xardín exterior.

b) Colectiva: comunidade de veciños, barrio, rúa ou praza.

A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os/as participantes plena liberdade en canto a técnica e estilo.

4. MATERIAIS EMPREGADOS.

Para a decoración do Nadal poderanse empregar todo tipo de materiais que os/as participantes consideren oportunos. Poderanse empregar así mesmo elementos de decoración iluminativos.

5. PRESENTACIÓN E PRAZO DE FINALIZACIÓN:

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán formalizar as súas inscricións desde o **23 de novembro de 2023 ata o día 19 de decembro de 2023**, sendo a recollida de inscricións así como a súa entrega das seguintes maneiras :

No rexistro xeral do Concello de Arbo sito na Praza Consistorio nº 1 36430 Arbo (Pontevedra) ou poderán remitilas por facturación, correo ou mediante entrega en man, en sobre cerrado, indicando na embalaxe “II Concurso de Decoración Navideña “Arbo no Nadal”.





Concello de Arbo

Na dirección de correo electrónico: oficinas.concellodearbo@gmail.com

Deberán presentarse ata tres fotos coa decoración realizada para ser avaliadas polo Xurado en formato dixital e en papel, así como un video.

6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.

A montaxe e desmonte dos elementos decorativos será realizado por cada participante.

Os elementos decorativos do Nadal deberán permanecer expostos durante o período establecido do **10 de decembro de 2023 ao 8 de xaneiro de 2024**, ambos inclusive) no seu conxunto. Se non se cumpriese dita condición, desestimárase a participación da asociación, colectivo ou particular que o incumpriese. Salvo causas maiores que serán valoradas polo xurado.

7. ENTIDADE ORGANIZADORA.

O organismo encargado da avaliación do concurso será o Concello de Arbo , a través do xurado designado pola alcaldía.

8. XURADO.

Haberá un xurado composto pola Concelleira de Participación Cidadá ou persoa en quen delegue, un representante do Concello, dous representantes dos distintos ámbitos sociais e culturais do Concello de Arbo, un representante do comercio local e un funcionario do Concello que actuará como secretario/a do Xurado, cuxa designación se fará pola Alcaldía, e de cuxas deliberacións e conclusións se deixará constancia na acta que se levantará ao efecto.

O xurado valorará especialmente a creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía do evento.





Concello de Arbo

9. VALORACIÓN.

Para a valoración dos elementos decorativos do Nadal de cada Asociación, colectivo ou particular, o Xurado terá en conta os seguintes criterios: Deseño, orixinalidade, iluminación, fomento dos valores locais, cantidade e tipoloxía de materiais empregados e contido didáctico do proxecto.

Cada membro do Xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos.

A suma de todos os puntos recibidos polos/as membros do citado xurado, dará lugar ao/as gañadores do concurso.

En caso de empate, volverá puntuar, pero nesta ocasión puntuarase do 1 ao 3, así sucesivamente ata que haxa un/a gañador/a.

O xurado poderá deixar baleiros os premios se ningunha proposta acada a calidade esixida, ou rexeitar para o concurso aquelas que non se axusten ás bases.

Os premios faranse públicos nos medios de comunicación e nas redes sociais, indicando, cando menos, o nome e apelidos dos gañadores/as.

Os/as concursantes comprométese a aceptar a decisión do Xurado.

10.PREMIOS.

-Primeiro premio: Cesta de produtos dos comercios do noso municipio, valorada en 250 euros e diploma conmemorativo

-Segundo premio: Cesta de produtos dos comercios do noso municipio, valorada en 150 euros e diploma conmemorativo

- Terceiro premio: 1 caixa de viño e Espumoso das adegas de Arbo e diploma conmemorativo.





Concello de Arbo

- Cuarto premio: 1 caixa de viño das adegas de Arbo e diploma conmemorativo
- Quinto premio: 1 caixa de licores das adegas de Arbo e diploma conmemorativo

11. ENTREGA DE PREMIOS :

A entrega de premios realizarase no salón de plenos do Concello de Arbo.

A inscrición neste concurso implica a aceptación expresa das súas bases na súa totalidade.

12.- NORMAS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS:

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais





Concello de Arbo

como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento.

En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572.

De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

13.- NORMAS FINAIS:

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

O alcalde. Horacio Gil Expósito. Sinatura dixital á marxe.





Concello de Arbo

INSCRICIÓN II CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA “ARBO NO NADAL”

Don/ Dona.....,con DNI
desexo participar no **II CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA “ARBO NO NADAL”** organizado polo Concello de Arbo e acepto as bases do concurso

Indicar unha das 3 opcións:

➤ PARTICULAR. A nivel particular familiar

- Nome e apelidos:
- DNI:
- Teléfono:
- Dirección do edificio para decorar:

➤ EMPRESA - Representante da empresa, establecemento ou comercio

- Nome e apelidos:
- NIF:
- Teléfono:
- Dirección do edificio para decorar:

➤ ASOCIACIÓN Ou COLECTIVO - Representante asociación ou colectivo social

- Nome e apelidos:
- NIF:
- Teléfono:
- Dirección do edificio para decorar:

Arbo, a ___ de _____ de 202__

Sr. Alcalde do Concello de Arbo

